

6 **PANORAMA**
SOCIAL

6.1.-



DEMOGRAFÍA

O Padrón Municipal de Habitantes con referencia a 1 de xaneiro de 1998 –que revisa os datos do padrón de 1996– reflicte que a poboación galega nesa data era de 2.724.544 persoas, das que un 51,9% eran mulleres. A análise que se fai neste punto sobre a poboación de Galicia baséase nos datos facilitados polo INE, o IGE e maila Dirección Xeral de Familia.

Atendendo ós datos do padrón revisado a 1 de xaneiro de 1998, Galicia perde peso no conxunto do estado, xa que a poboación galega representa o 6,83% da total existente en España, fronte ó 6,91% do padrón de 1996 ou o 7,03% do censo de 1991.

Entre as características más importantes que se tiran da análise dos datos demográficos salienta unha densidade de poboación superior á media española ou a dispersión ou espallamento xeográfico do seu hábitat, reflectido no feito de que en Galicia hai un total de 29.947 entidades singulares de poboación, que supúñan o 48,93% do total de entidades de España.

Como se verá posteriormente, as provincias de A Coruña e Pontevedra concetrán o 73,87% da poboación galega e o 82,7% dos concellos de máis de 10.000 habitantes, que é a delimitación para considerar un núcleo de localización como urbano ou non.

Finalmente, continúa o descenso das taxas de fecundidade e natalidade tanto a nivel galego como estatal, aínda que este descenso é máis pronunciado no caso galego.

Distribución territorial da poboación

Atendendo ós datos revisados do Padrón Municipal a 1 de xaneiro de 1998, a poboación galega descendeu un 0,66% respecto ó padrón a 1 de maio de 1996, situándose en 2.724.544 habitantes.

Comparada co resto das comunidades, o **cadro 6.1.1.** reflicte que son sete as comunidades que experimentan un descenso de poboación (Aragón, Asturias, Cantabria, Castela e León, Galicia, Estremadura e A Rioxa), sendo a comunidade

CADRO 6.1.1.

Pobación de dereito nas CC.AA. 1996-98

	Padróns municipais 1/5/96			Hab./Km.2 1996			Revision padronal a 1/1/1998			Hab./Km.2 1998			98/96		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	%	Total	
Andalucía	7.234.873	3.559.436	3.675.437	82.59	7.236.459	3.558.950	3.677.509	82.61	0.02	1.586					
Aragón	1.187.546	584.535	603.011	24.89	1.183.234	582.366	600.868	24.80	-0.36	-4.312					
Asturias	1.057.885	522.981	603.011	102.59	1.081.834	519.530	562.304	102.02	-0.56	-6.051					
Baleares	760.379	373.891	366.488	152.32	796.483	392.835	403.648	159.55	4.75	36.104					
Canarias	1.606.534	797.230	809.304	215.73	1.630.015	808.092	821.923	218.88	1.46	23.481					
Cantabria	527.437	256.946	270.491	99.12	527.137	256.766	270.371	99.07	-0.06	-300					
Castaña e León	2.508.496	1.238.129	1.270.367	26.62	2.484.603	1.225.516	1.259.087	26.37	-0.95	-23.893					
Castela-A Mancha	1.712.529	849.076	863.453	21.55	1.716.152	851.354	864.798	21.60	0.21	3.623					
Cataluña	6.090.040	2.971.789	3.118.251	189.64	6.147.610	2.997.637	3.149.973	191.44	0.95	57.570					
C. Valenciana	4.009.329	1.962.181	2.047.148	172.41	4.023.441	1.970.767	2.052.674	173.01	0.35	14.112					
Galicia	2.742.622	1.320.347	1.422.275	92.74	2.724.544	1.310.415	1.414.129	92.13	-0.66	-18.078					
A Coruña	1.110.302	533.921	576.381	139.64	1.106.325	531.769	574.556	139.14	-0.36	-3.977					
Lugo	370.303	180.550	189.753	50.91	367.751	179.056	188.695	50.56	-0.69	-2.552					
Ourense	346.913	166.778	180.135	35.20	344.170	165.209	178.961	34.92	-0.79	-2.743					
Pontedeira	915.104	439.098	476.006	203.58	906.298	434.381	471.917	201.62	-0.96	-8.806					
Estrémadura	1.070.244	530.500	539.744	25.71	1.069.419	530.994	538.125	25.69	-0.08	-825					
Madrid	5.052.289	2.411.548	2.610.741	622.19	5.091.336	2.444.919	2.646.417	628.72	1.37	69.047					
Murcia	1.097.249	541.069	566.180	96.98	1.115.068	551.343	563.725	98.56	1.62	17.819					
Navarra	520.574	257.718	262.856	50.10	530.819	262.687	268.132	51.08	1.97	10.245					
Pais Vasco	2.098.055	1.027.114	1.070.941	289.99	2.098.628	1.026.915	1.071.713	290.07	0.03	573					
A Rioxa	264.941	131.183	133.758	52.52	263.644	130.708	132.936	52.26	-0.49	-1.297					
Ceuta	68.796	34.229	34.567	3.620.84	72.117	36.102	36.015	3.795.63	4.83	3.321					
Melilla	59.576	29.647	29.929	4.582.77	60.108	30.569	29.539	4.623.69	0.89	532					
Total	39.669.394	19.399.549	20.269.845	74.06	39.852.651	19.488.465	20.364.186	74.40	0.46	183.257					

Fonte: INE



galega, cunha caída do 0,66%, a segunda autonomía co maior descenso, despois de Castela e León (0,95%).

En termos de densidade de poboación, Galicia, áinda que presenta unha densidade superior á media estatal, con 92,13 habitantes por quilómetro cadrado, **cadro 6.1.1.**, é a oitava comunidade española con menor densidade de poboación.

A Coruña e Pontevedra son as provincias galegas más poboadas, con 1.106.325 e 906.298 habitantes, respectivamente. Xuntas concentran o 73,87% do total da poboación galega. Tal e como reflicte o **cadro 6.1.1.**, tódalas provincias galegas experimentan un descenso na súa poboación, sendo a provincia de Pontevedra a que sofre o descenso máis acusado, cun 0,96% respecto ó padrón de maio de 1996.

Como se pode apreciar no devandito cadro, as provincias de Pontevedra e A Coruña teñen unha densidade poboacional moi superior á media de España (201,62 e 139,14 habitantes por quilómetro cadrado, respectivamente), en tanto que Ourense e Lugo presentan unha densidade moi inferior á media, con 34,92 e 50,56 habitantes por quilómetro cadrado, respectivamente.

Desagregando o estudio **por comarcas**, os **cadros 6.1.2., 6.1.3., 6.1.4., e 6.1.5.** amosan un descenso xeralizado da poboación na meirande parte das comarcas galegas. Tan só sete comarcas galegas experimentan un crecemento da súa poboación: Santiago e A Coruña, na provincia de A Coruña; Lugo, na provincia de Lugo; Ourense e Valdeorras, na provincia de Ourense; e O Morrazo e O Salnés, na provincia de Pontevedra.

Segundo reflicten os datos do padrón

actualizado a 1 de xaneiro de 1998, recollidos nos devanditos **cadros 6.1.2., 6.1.3., 6.1.4. e 6.1.5.**, prodúcese un aumento da concentración da poboación galega nas comarcas da Galicia occidental-costa. Así, estas 24 comarcas galegas (Bararbanza, A Barcala, Bergantiños, Betanzos, A Coruña, Eume, Ferrol, Fisterra, Muros, Noia, Ortega, Santiago, O Sar, Terra de Soneira, e Xallas, na provincia de A Coruña; A Mariña Central, A Mariña Occidental e A Mariña Oriental, na provincia de Lugo; e o Baixo Miño, Caldas, O Morrazo, Pontevedra, O Salnes e Vigo, na provincia de Pontevedra) acollen ó 69,1% da poboación galega, en tanto que as 29 comarcas restantes acollen ó 30,9%. Atendendo ós datos do padrón do ano 1996, esas porcentaxes eran do 68,9% e 31,1%, repectivamente.

A poboación galega residente en **núcleos de máis de 10.000 habitantes** ascende a 1.742.445 habitantes, 53.537 habitantes menos que os que indica o padrón anterior, o que significa que estos núcleos de máis de 10.000 habitantes acullen ó 64,0% da poboación galega, fronte ó 65,5% de 1996. Estes datos recollense no **cadro 6.1.6.**

Malia o descenso da poboación residente nos núcleos de poboación de máis de 10.000 habitantes nas provincias de A Coruña e Pontevedra, o 65,3% e o 78,9%, respectivamente, da poboación de ámbalas dúas provincias está concentrada neses núcleos de poboación. Pola contra, nas provincias de Ourense e Lugo si que aumenta a poboación destas cidades, co que aumenta tamén a súa importancia relativa no total da poboación das súas provincias.

Respecto á poboación nos **sete grandes núcleos urbanos** de Galicia, estes

CADRO 6.1.2.

Poboación das comarcas galegas 1996-98: provincia de A Coruña

Comarcas	Poboación segundo o Padrón 1996	Revisión do Padrón a 1/1/1998			98/96	
		total	homes	mulleres	%	total
Arzúa	19.918	19.719	9.752	9.967	-1,00	-199
Barbanza	66.862	66.487	32.459	34.028	-0,56	-375
A Barcala	12.543	12.173	5.834	6.339	-2,95	-370
Bergantiños	71.225	70.588	34.652	35.936	-0,89	-637
Betanzos	39.619	39.308	18.984	20.324	-0,78	-311
A Coruña	347.605	350.446	166.343	184.103	0,82	2.841
Eume	29.260	28.992	14.369	14.623	-0,92	-268
Ferrol	167.396	166.592	79.561	87.031	-0,48	-804
Fisterra	26.326	25.747	12.571	13.176	-2,20	-579
Muros	17.205	16.785	8.053	8.732	-2,44	-420
Noia	38.752	38.166	18.408	19.758	-1,51	-586
Ordes	38.074	38.007	18.628	19.379	-0,18	-67
Ortegal	18.049	17.688	8.559	9.129	-2,00	-361
Santiago	141.897	142.475	67.729	74.746	0,41	578
O Sar	18.826	18.156	8.739	9.417	-3,56	-670
Terra de Melide	15.390	15.035	7.569	7.466	-2,31	-355
Terra de Soneira	23.236	22.353	10.933	11.420	-3,80	-883
Xallas	18.119	17.608	8.626	8.982	-2,82	-511
Total	1.110.302	1.106.325	531.769	574.556	-0,36	-3.977

Fonte: IGE

CADRO 6.1.3.

Poboación das comarcas galegas 1996-98: provincia de Lugo

Comarcas	Poboación segundo o Padrón 1996	Revisión do Padrón a 1/1/1998			98/96	
		total	homes	mulleres	%	total
Os Ancares	15.369	14.979	7.827	7.152	-2,54	-390
Chantada	18.247	17.709	8.700	9.009	-2,95	-538
A Fonsagrada	8.313	7.981	4.167	3.814	-3,99	-332
Lugo	109.897	111.055	53.014	58.041	1,05	1158
A Mariña Central	30.975	30.638	14.756	15.882	-1,09	-337
A Mariña Occidental	28.192	28.081	13.731	14.350	-0,39	-111
A Mariña Oriental	17.732	17.662	8.411	9.251	-0,39	-70
Meira	7.181	7.043	3.458	3.585	-1,92	-138
Quiroga	7.994	7.656	3.750	3.906	-4,23	-338
Sarria	27.297	26.824	13.388	13.436	-1,73	-473
Terra Chá	50.425	49.636	24.437	25.199	-1,56	-789
Terra de Lemos	38.072	36.960	17.787	19.173	-2,92	-1112
A Ulloa	11.990	11.527	5.630	5.897	-3,86	-463
Total	371.684	367.751	179.056	188.695	-1,06	-3933

Fonte: IGE

CADRO 6.1.4.
Poboación das comarcas galegas 1996-98: provincia de Ourense

Comarcas	Poboación segundo o Padron 1996	Revisión do Padrón a 1/1/1998			98/96	
		homes	mulleres	%	total	
Allariz-Maceda	16.000	15.696	7.571	8.125	-1,90	-304
Baixa Limia	10.623	10.275	5.462	4.813	-3,28	-348
O Carballiño	31.200	30.566	14.440	16.126	-2,03	-634
A Limia	26.055	25.365	12.474	12.891	-2,65	-690
Ourense	139.189	140.219	66.354	73.865	0,74	1030
O Ribeiro	21.489	21.002	9.864	11.138	-2,27	-487
Terra de Caldelas	5.019	4.887	2.429	2.458	-2,63	-132
Terra de Celanova	23.800	23.382	11.073	12.309	-1,76	-418
Terra de Trives	6.582	6.341	3.199	3.142	-3,66	-241
Valdeorras	28.728	28.736	14.208	14.528	0,03	8
Verín	29.496	29.161	14.429	14.732	-1,14	-335
Viana	8.728	8.540	4.308	4.232	-2,15	-188
Total	346.909	344.170	165.811	178.359	-0,79	-2739

Fonte: IGE

CADRO 6.1.5.
Poboación das comarcas galegas 1996-98: provincia de Pontevedra

Comarcas	Poboación segundo o Padron 1996	Revisión do Padrón a 1/1/1998			98/96	
		total	homes	mulleres	%	total
O Baixo Miño	45.424	45.090	21.746	23.344	-0,74	-334
Caldas	35.831	35.514	17.000	18.514	-0,88	-317
O Condado	38.154	37.302	17.702	19.600	-2,23	-852
Deza	49.697	47.990	23.377	24.613	-3,43	-1.707
O Morrazo	78.248	78.736	38.661	40.075	0,62	488
A Paradanta	20.275	18.907	8.887	10.020	-6,75	-1.368
Pontevedra	114.714	113.944	54.017	59.927	-0,67	-770
O Salnés	103.178	103.456	50.245	53.211	0,27	278
Tabeirós-Terra de Montes	30.564	30.117	14.083	16.034	-1,46	-447
Vigo	399.019	395.242	188.663	206.579	-0,95	-3.777
Total	915.104	906.298	434.381	471.917	-0,96	-8.806

Fonte: IGE

CADRO 6.1.6.

Poboación residente en núcleos de más de 10.000 habitantes 1996-98

	1996		1998		Concellos >10.000 habs.	
	número	% / Total provincial	número	% / Total provincial	1996	1998
A Coruña	770.409	69,4	722.440	65,3	25	25
Lugo	158.610	42,8	160.440	43,6	6	6
Ourense	143.305	41,0	144.733	42,0	4	4
Pontevedra	723.658	79,1	714.832	78,9	23	23
Total	1.795.982	65,5	1.742.445	64,0	58	58

Fonte: IGE

CADRO 6.1.7.

Poboación das sete grandes cidades galegas 1996-98

	Padrón 1996	Revisión do Padrón a 1/1/98	98/96	
			%	total
A Coruña	243.785	243.134	-0,27	-651
Santiago	93.672	93.584	-0,09	-88
Ferrol	83.048	82.548	-0,60	-500
Lugo	85.174	86.620	1,70	1.446
Ourense	107.060	107.965	0,85	905
Vigo	286.774	283.110	-1,28	-3.664
Pontevedra	74.287	73.871	-0,56	-416
Total 7 cidades	973.800	970.832	-0,30	-2.968
% sobre o total	35,50	35,63	0,37	--

Fonte: INE

acollen a 970.832 persoas, o que significa un descenso de 2.968 persoas (o 0,30%). Como recolle o **cadro 6.1.7.**, Lugo e Ourense presentan un crecemento da súa poboación, en tanto que nas outras cinco cidades, a poboación descende. Comparañando o peso relativo da poboación destas sete cidades no total galego, este aumenta respecto ós datos do padrón de 1996, pasando a ser de 35,63%, fronte ós 35,5% do padrón anterior.

Movemento natural da poboación

Tanto en Galicia como España existe unha tendencia á diminución da natalidade, pero o descenso é máis acusado no caso galego. En Galicia, o número medio de fillos por muller, expresado no **cadro 6.1.8.**, descendeu ata o 0,83, fronte ó 1,13 de España. Comparado co resto das comunidades autónomas, Galicia é a segunda comunidade con menor número de fillos

por muller, superando tan só a Asturias, cunha media de 0,79 fillos.

O **cadro 6.1.9.** reflicte un descenso da **taxa da natalidade** en Galicia moito máis acusado que ó experimentado para o conxunto do estado. Así, mentres que en Galicia a taxa de natalidade descende 0,38 puntos para situarse en 6,77 nacementos ó ano por cada mil habitantes, en España, este descenso foi de 0,19 puntos, situando a taxa de natalidade en 9,14 nacementos por cada 1.000 habitantes.

Desagregando o estudio por provincias, Pontevedra experimenta a maior taxa nos dous anos considerados (8,20 nacementos por cada mil habitantes no ano 1994 e 7,90 no ano 1996), situándose en ámbolos dous anos por riba da media galega. Séguenlle A Coruña, con 6,70 nacementos en 1996 por cada mil habitantes, e as provincias de Lugo e Ourense, cunhas taxas de natalidade en

CADRO 6.1.8.
Número medio de fillos por muller 1995 e proxeccións 1996-97

	1995 (1)	1996 (2)	1997 (2)
Galicia	0,93	0,88	0,83
España	1,17	1,15	1,13

(1) datos provisionais

(2) datos proxectados

Fonte: INE

CADRO 6.1.9.
Taxas de nupcialidade, natalidade e mortalidade 1994-96

	Nupcialidade		Natalidade		Mortalidade		Crecemento vexetativo (1)	
	1994	1996	1994	1996	1994	1996	1994	1996
A Coruña	4,42	4,49	7,01	6,70	10,11	10,54	-3,10	-3,84
Lugo	3,85	3,86	5,96	5,27	11,93	13,04	-5,97	-7,77
Ourense	5,49	4,01	6,13	5,68	12,04	12,94	-5,90	-7,25
Pontevedra	4,60	4,55	8,20	7,90	8,54	8,61	-0,34	-0,71
Total	4,54	4,36	7,15	6,77	10,09	10,54	-2,94	-3,77
España	5,01	4,86	9,33	9,14	8,58	8,90	0,75	0,24

(1) taxa por 1.000 habitantes

Fonte: INE, *Movimiento natural de la población*
CADRO 6.1.10.
Movemento natural da poboación 1994-96 (1): matrimonios, nacementos e defuncións

	Matrimonios		Nacementos		Defuncións		Crecemento vexetativo	
	1994	1996	1994	1996	1994	1996	1994	1996
A Coruña	4.853	4.952	7.690	7.386	11.089	11.616	-3.399	-4.230
Lugo	1.451	1.439	2.247	1.963	4.495	4.855	-2.248	-2.892
Ourense	1.899	1.386	2.122	1.963	4.164	4.469	-2.042	-2.506
Pontevedra	4.146	4.107	7.391	7.134	7.695	7.779	-304	-645
Total	12.349	11.884	19.450	18.446	27.443	28.719	-7.993	-10.273
España	196.062	190.780	365.124	358.879	335.843	349.347	29.281	9.532

(1) os datos de 1996 son provisionais

Fonte: INE, *Movimiento natural de la población*

torno a 5,5 nacementos por cada mil habitantes.

En termos absolutos (**cadro 6.1.10.**), o número de nacementos en Galicia no ano 1996 foi de 18.446, que representan o 5,14% do total de nacementos en España. As provincias de A Coruña e Pontevedra son as que presentan o maior número de nacementos en 1996, con 7.386 e 7.134 nacementos, respectivamente.

O índice de mortalidade en Galicia no ano 1996 foi de 10,54 defuncións por cada mil habitantes, fronte ós 8,90 no conxunto do estado. O devandito **cadro 6.1.9.** reflicte que, respecto ó ano 1994, prodú-

cese un aumento da taxa de mortalidade nas catro provincias galegas. Lugo e Ourense, con 13,04 e 12,94 falecementos por cada mil habitantes, respectivamente, son as que presentan unha maior taxa. Pola contra, Pontevedra presenta unha taxa de mortalide bastante inferior á media galega, 8,61 falecementos por cada mil habitantes, que é tamén inferior á taxa española.

En 1996 producíronse en Galicia un total de 28.719 defuncións, un 4,6% máis que no ano 1994, que representan o 8,22% do total de defuncións rexistradas en España no mesmo período. Por provincias, A Coruña contabilizou o 40,4% dos

CADRO 6.1.11.

Títulos de familias numerosas segundo categorías 1-7-1998 a 31-12-1998

	1ª categoría (1)	2ª categoría (2)	Categoría de honra (3)	Total	Títulos expedidos entre o 1-7 e o 31-12- 1998
A Coruña	4.200	12	8	4.220	636
Lugo	1.078	4	2	1.084	152
Ourense	806	4	-	810	220
Pontevedra	4.352	15	10	4.377	581
Total	10.436	35	20	10.491	1.589

(1) 1ª categoría: familias de entre tres e seis fillos ou familias con dous fillos nas que os pais ou os fillos sexan minusválidos ou teñan incapacidade permanente e absoluta para todo traballo

(2) 2ª categoría: familias de entre sete e nove fillos ou familias de primeira categoría con un ou máis fillos minusválidos ou incapacitados de xeito permanente e absoluto para todo traballo

(3) categoría de honra: familias de dez ou máis fillos, ou familias de segunda categoría con un ou máis fillos minusválidos ou incapacitados de xeito permanente e absoluto para todo traballo

Fonte: Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude

CADRO 6.1.12.

Saldo migratorio interior nas CC.AA. 1994-97

	1994	1995	1996	1997
Andalucía	2.327	-2.964	-3.317	-4.317
Aragón	445	290	-347	-280
Asturias	-1.189	-1.040	-430	-923
Baleares	2.073	4.749	3.953	5.845
Canarias	5.276	6.882	7.676	10.351
Cantabria	879	766	325	735
Castela e León	-1.263	-3.068	-2.786	2.729
Castela-A Mancha	5.336	5.417	1.828	-4.172
Cataluña	-7.275	-3.468	-1.136	-3.286
C. Valenciana	5.628	7.440	5.634	7.389
Estremadura	1.359	-447	4	-550
Galicia	752	-399	-1.676	-2.138
Madrid	-11.324	-10.671	-8.084	-9.183
Murcia	1.422	820	1.232	1.390
Navarra	1.517	1.300	651	741
País Vasco	-6.399	-5.746	-4.310	-4.290
A Rioxa	204	181	304	377
Ceuta e Melilla	232	-42	479	-418

Fonte: INE, Estadística de variaciones residenciales

CADRO 6.1.13.

Etranxeiros residentes a 31-12-1997: distribución segundo a súa procedencia

	1997										
	Total	UE	Resto de Europa	Total Europa	Iberoamérica	Resto de América	Total América	Norte de África	Total África	Ásia e Oceanía	Apátridas e outros
A Coruña	5.023	1.888	274	2.162	1.766	392	2.158	345	496	201	6
Lugo	2.675	1.497	50	1.547	703	84	787	128	283	55	3
Ourense	4.465	3.148	57	3.205	921	75	996	128	175	88	1
Pontevedra	7.078	4.072	161	4.233	1.845	174	2.019	425	635	186	5
Total	19.241	10.605	542	11.147	5.235	725	5.960	1.026	1.589	530	15
España	609.813	260.599	28.485	289.084	112.064	14.895	126.959	118.310	142.816	49.998	956

Fonte: Ministerio del Interior, Anuario Estadístico de Extranjería

falecementos en Galicia (11.616), seguida de Pontevedra, co 27,1% (7.779).

A evolución das taxas de natalidade e mortalidade explican a evolución do **crecimiento vexetativo**, que ven recollido no **cadro 6.1.9.** Obsérvase que o crecimiento vexetativo é negativo en Galicia –a diferencia do que acontece en España– e nas súas catro provincias, especialmente nas de Lugo e Ourense.

O **cadro 6.1.11.**, que recolle o número de títulos de familia numerosa expedidos no período 1-07-98 a 1-12-98, reflicte que este ascendeu a 10.491 títulos, dos que 1.589 foron títulos novos. As provincias de Pontevedra e A Coruña son as que teñen un maior número de títulos expedidos, con 4.377 e 4.220, respectivamente, o que supón que ámbalas dúas provincias concentran ó 82% do total de títulos de familia numerosa expedidos.

Migracións

O **cadro 6.1.12.** reflicte o saldo migratorio interior das distintas comunidades autónomas. Nel apréciase que 10 comunidades autónomas (Madrid, País Vasco, Andalucía, Castela a Mancha, Galicia, Cataluña, Asturias, Aragón, Extremadura e Ceuta e Melilla) presentan un saldo migratorio negativo. Como se amosa no devandito **cadro 6.1.12.**, Galicia pasa de ser un receptor neto en 1994 a ser la sexta comunidade con maior saldo migratorio interior negativo.

Galicia conta tamén con residentes procedentes doutros países. Tal e como se reflicte no **cadro 6.1.13.**, o número de extranxeiros residentes en Galicia en 1997 foi de 19.241, un 9,23% máis que no ano anterior, acollendo, por tanto, ó 3,16% do

total de extranxeiros residentes en España. A provincia de Pontevedra é a que acolle a un maior número de estranxeiros, 7.078, seguida de A Coruña e Ourense, con 5.023 e 4.465, respectivamente.

Segundo a súa procedencia, un total de 11.147, o 57,93% do total, procede de Europa, fundamentalmente da UE, en tanto que un 30,97% (5.960 estranxeiros) procede da América, con Iberoamérica como o seu principal punto de orixe.■

